

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### ASUNTO.-CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A CON CARÁCTER LABORAL-TEMPORAL MEDIANTE CONCURSO DE MÉRITOS NO CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE)

Vista a proposta do tribunal cualificador en relación coas probas de selección para contratar UN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A para o Concello de Lobios, polo sistema de concurso de méritos.

Vista a acta formulada polo tribunal cualificador de data 29 de novembro de 2016 pola que se propón o nomeamento do/a seguinte candidato/a para a cobertura do expresado posto.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, así como do disposto nas Bases reguladoras do presente proceso selectivo,

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Seleccionar aos/ás seguintes candidatos/as para a cobertura dun posto de auxiliar administrativo/a no Concello de Lobios:

- MARIA JOSE RIVAS GONZALEZ, .....005-T

SEGUNDO.- A lista de agarda, estará formada polos seguintes candidatos na orde que segue a continuación:

- ANA CANAL FRAGA, .....493-C
- CRISTINA GONZALEZ TEIJEIRO, .....630-M

TERCEIRO.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade regulada polo artigo 15.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, coas cláusulas específicas de traballos de interese social ao abeiro do disposto na Orde de 14 de xullo de 2016, —DOG nº 144, do 1 de agosto de 2016—, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio 2.016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con data de inicio o 30 de novembro de 2016 e rematando o 29 de maio de 2017 en réxime de dedicación a tempo completo.

Lobios, 29 de novembro de 2016

A Alcaldesa,

  
María del Carmen Yáñez Salgado

Ante min, a Secretaria

  
Marta Izquierdo Gamallo